

Compostela, 30-V-72

C-8-6-72

Querido amigo:

Certo que lle debo carta desde o ano pasado, en que
Maria Victoria Armesto me enviou o seu libro "LONXE". Sinto ter incurrido en
Tanta demora, mas non sei que ocorre co tempo que non nos deixa vagar para as comas
que o precean. Con lle decir que desde hai dous anos teño prometido reunir varios tra-
ballos meus xa publicados para recollelos nun libro, por idea de varios amigos que pre-
sionan cordialmente nese sentido, e ainda non tiven vagar para facelo, coido que
comprendera que as demoras epistolares non son intencionadas.

Lin o seu libro de poemas, de raudoso lirismo intimista. En
conjunto dan unha impresión de sinceridade emotiva que a sinxeleira expresiva fai moi
communicable. As veces mesmo teñen un certo recordo de poesía popular. Percebese
nelas unha sensibilidade cultivada na introversión subxetiva e con arela de trascender dessa
sensibilidade. Todo esto é o que os seus poemas me zuxiran considerados de cara ao autor.
Considerados cara a poesía galega, quican conservando o acento de sinceridade sentimen-
tal, pro, en conjunto, quicais resulten tener de mais. Non hai que esquecer que
nos tocante a lirismo - a poesía da intimidade humá -, en galego temos grandes voces
poéticas e por iso resulta inevitable a comparanza nunha valoración ouxetiva.

Naturalmente, a miña opinión é totalmente subxetiva e, mesmo por
eso, moi discutible. Non ten porque lle dar demasiado valor. Mai, xa que ma pide,

considero que lla debo de manifestar con toda lealtade, insistindo, desde logo, en que é
cuitible en todo momento. En materia de arte, as opiniões sempre son discutibles.

Tamén quero decille que achos os poemas do "Lonxe" de desigual valor, como por
outra banda ben natural. Un dos que mais me gustan é xustamente o primeiro de todos, ou re,
o que lle da o título ao libro. Tamén me gusta o titulado "Son Rumbo". Outro que me gusta é o
titulado "Diante da Galería dos Abencoros". E o titulado "A íntima conciencia". O titulado "Diálogo in-
visible" é ben atinado na súa intuición, infa que quicais poida mellorarse na expresión para lle dar o
forza. O "Epitafio para unha area emigrante" ten un certo orgullo de originalidade, como tamén
o titulado "O meu rival". Gistáme a "Oda galáns-quarone".

En fin, na súa carta anúnciame que estás en Xixón de paso para a Cruiña, e
onde pensa que poderá traballarde dentro de algúns meses. Eso quer decir que poderemos ter
ocasión de falar de todas estas cousas. Eu vivo con algúnsas frecuencias por ali. Tamén
imos algúnsas ver a Xixón, porque de ahí é a miña muller, pro moi máis espaciadamente
que polo Cruiña, que estás a un paso.

Perdoe que non lle teña escrito a Extremadura, como debiera facer. Creáame
que non foi intencionadamente.

Un saludo cordial do seu amigo

Ramón Piñeiro